

ASUNTO: Constitución Consello Escolar

No curso 2021 é necesario proceder á constitución do Consello Escolar no CPR Cruz Roja A Coruña.

Según a ORDE do 28 de agosto de 1996 pola que se regula o procedemento de elección dos órganos de goberno dos centros privados concertados, o consello escolar dos centros concertados estará constituído por:

- O director.
- Tres representantes do titular do centro.
- Catro representantes dos profesores.
- Catro representantes dos pais ou titores dos alumnos.
- Dous representantes dos alumnos, a partir do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

Nos centros que impartan formación profesional específica poderase incorporar ó consello escolar, con voz pero sen voto, un representante proposto polas organizacións empresariais ou institucións laborais presentes no ámbito de acción do centro.

O Calendario do proceso electoral é o seguinte:

CALENDARIO:

DÍA 2 DE NOVIEMBRE (MARTES):

- Publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do Centro da data e hora no que se procederá ao sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral. (3 de novembro as 11:15 horas)

DÍA 3 DE NOVIEMBRE (MÉRCORES): 11:15 horas

- Sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral.
- Acta da celebración de dito sorteo.
- Envío de citacións para a constitución da Xunta Electoral.
- Envío de escrito ao titular do centro solicitándolle a designación do seu representante para a xunta electoral.

DÍA 5 DE NOVIEMBRE (VENRES): (1ª reunión da Xunta Electoral): 11:15 horas

- *Acta da reunión de constitución da Xunta electoral*
- Publicación das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos: profesorado, alumnado, pais/nais ou titores legais e persoal de administración e servizos.
- Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados.
- Envío de escrito ao titular do Centro solicitándolle a designación dos tres representantes no consello escolar.
- Envío de circular a os pais-nais-titores legais, alumnos e profesores coa convocatoria do seu sector.
- Envío de escrito ás organizacións empresariais.

DÍAS 10-16 DE NOVIEMBRE:

- *Admisión de candidatos (7 días naturais), rematando o prazo as 13:00 horas do día 16.*

DÍA 17 DE NOVIEMBRE, (MÉRCORES): (2ª reunión da Xunta Electoral): 11:15 horas

- Proclamación e posterior publicación de candidaturas por sectores de representación.

DÍAS 18 E 19 DE NOVIEMBRE:

- *Reclamacións á publicación de candidatos e a dos censos.*

DÍA 22 DE NOVIEMBRE, (LUNS): (3ª reunión da Xunta electoral): 11:15 horas

- Aprobación definitiva de censos electorais e de candidatos, unha vez resoltas as posibles reclamacións.
- Confección do modelo de papeletas.
- Sorteo público da designación dos membros das mesas electorais.

DÍA 23 DE NOVIEMBRE, (MARTES):

- Claustro de información do proceso electoral no sector profesorado. 11:10 horas
- Claustro de constitución da mesa electoral e elección dos representantes do profesorado. 11:15 horas

DÍA 24 DE NOVIEMBRE (MÉRCORES): Constitución das mesas electorais e celebración das votacións de:

- Alumnado da mañá: de 11:30 a 12:30 horas.
- Persoal de administración e servizos: as 12:00 horas.
- Alumnado da tarde: de 18:30 a 19:30 horas
- Pais, nais e titores legais do alumnado, de 18:30 a 19:30 horas.



CPR Cruz Roja Española
Rúa Medico Devesa Núñez, 1
15008 A Coruña
Tlfono. 981169163
Fax 981169909
cpr.cruz.vermella.coruna@edu.xunta.es



DÍA 25 DE NOVIEMBRE: (4ª e última reunión da Xunta Electoral): 11:15 horas:

- Atención e resolución das reclamacións das diferentes mesas.
- Proclamación de candidatos electos.

DÍA 30 DE NOVIEMBRE:

- *Traslado* á Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das copias de actas das votacións efectuadas.